

NOTA INFORMATIVA **AXENDA**

Sábado 13

13.00 h.

O alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, xunto á conselleira de Vivenda e Solo, Teresa Táboas, visita o SUNP 2. Encontro cos veciños e percorrido polas novas rúas. De seguido, acto de entrega de chaves das novas vivendas do polígono de Salgueiriños.

13.30 h.

Move'm Cult & Danza 2006

Na praza do Toural, dentro deste espectáculo do Festival de Ritmos do Mundo 2006, *Espazo Mestizo de cantaores e bailaríns*, un espectáculo de danzas e músicas de todo o mundo: India, África, Brasil, Cuba, Oriente, etc.

18.00 h.

No Centro Sociocultural de Conxo, **Festa das Letras**. Fallarase o concurso de contos falados, e o premio do certame infantil de contos ilustrados. Celso Sanmartín será o contacontos que poña o broche final ao acto.

18.30 h.

No Hotel Congreso, a concelleira de Sanidade, Elvira Cienfuegos, abrirá os actos que con motivo do *VI Día Mundial da Fibromialxia*, que organiza AGAFI, a Asociación Galega de Fibromialxia. A concelleira dará lectura, así mesmo, do *III Manifesto da Fibromialxia e da Síndrome de Fatiga Crónica*.

21.00 h.

Música

No Auditorio de Galicia, CONCERTO de **Naná Vasconcelos** dentro do ciclo Sons da Diversidade. Chegado desde Brasil é recoñecido coma o mago da percusión.

21.00 h.

Move'm Cult & Danza 2006

No Teatro Principal, *Mirar dentro* do Grupo Gaira.

22.00 h.

Teatro

Na Sala Nasa, *Pola noite diante dos bosques* de Teatro Dom.

22.30 h.

Teatro

Na Sala Yago, *O avaro de Molière* de Galileo Teatro.

Domingo 14

11.15 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo e a ministra de Medio Ambiente, Cristina Narbona.

12.00 h.

No Teatro Principal, concerto da Banda Municipal de Música de Santiago dedicado ao Día das Letras Galegas. Casiano Mouríño Maquieira, director. Programa:

I

Alborada gallega.....P. Veiga
Danza gallega nº 1.....R. Dorado
A. Sega.....Sonata gallega descriptiva.....J. Montes

II

Rapsodia gallega.....J. Montes
I. Adagio molto
II. Allegro moderato
Romaxe en naseiro.....Rapsodia.....M. Iglesias
Carrapucheiriña.....Xota.....L. Brage

22.30 h.

Teatro

Na Sala Yago, *O avaro de Molière* de Galileo Teatro.

Luns 15

11.45 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do voceiro do Grupo Popular, Dositeo Rodríguez, sobre asuntos de carácter local.

12.15 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** da concelleira de Educación e Mocidade, Elvira Cienfuegos, para presentar un programa de itinerarios arqueolóxicos, dentro de "Vivir Santiago". Ademais, darase a coñecer o fallo do xurado da edición do 2006 dos premios Ánxel Casal.

12.30 h.

Na Casa do Concello, o voceiro do grupo de governo, Francisco Candela, exporá en **ROLDA DE PRENSA** o resumo dos acordos adoptados na última sesión da Xunta de Goberno Local.

20.00 h.

Na Casa do Concello, recepción da corporación municipal a representantes da cultura, empresarios, mestres, funcionarios e colectivos composteláns, con motivo do inicio dos actos do Día Letras Galegas.

22.30 h.

Teatro

Na Casa das Crechas *Match de improvisación teatral*.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2006